



# ANUNCIO de REGATA

## XIV CRUCEIRO DO RIO MIÑO

**A Guarda 15 de xulio de 2023**

A Autoridade Organizadora constituída polo Club Alagua e en colaboración ca Real Federación Gallega de Vela, anuncia a realización do 14º Cruceiro do Río Miño que será efectuado o día 15 de xulio de 2023, nas augas do Río Miño.

### 1. REGRAS

- 1.1. A Proba será disputada de acordo cas regras tal como definidas no Regulamento de Regatas a Vela.
- 1.2. De acordo co RRV\_21-24, aplicaranse as normas establecidas pola Federación Gallega de Vela e pola ISAAF..
- 1.3. Para efectos de publicidade, a proba está clasificada de Categoría C de acordo co Regulamento 20 da ISAAF, Código de Publicidade. ó abrigo do mesmo Regulamento poderá ser esixida a todos os concorrentes a colocación de publicidade distribuída pola Organización.
- 1.4. Cando entren conflito, as instrucións de regata prevalecen sobre o anuncio de regata.
- 1.5. A regatas disputarase en un único formato multiclase, non obstante, se participasen máis de tres barcos da mesma clase, poderase facer regata de Clase.

### 2. ELEXIBILIDADE E INSCRIPCIÓN

- 2.1. A Proba estará aberta a todas as embarcacións a vela con orza móbil.
- 2.2. Os interesados poden inscribirse no seguinte enlace

[https://www.rfgvela.es/escora/regatta/xiv\\_cruceiro\\_do\\_rio\\_mino](https://www.rfgvela.es/escora/regatta/xiv_cruceiro_do_rio_mino)

non máis tarde do día 15 de xuño as 12:00h.





### 3. TASA DE INSCRIPCIÓN

3.1. A taxa de inscrición será de **7€** por persoa/participante da regata se formaliza a inscrición **antes do día 10/07/23 as 12:00h**. O prezo da inscrición será de **10€** dende esta fecha ata as 12:00h do 15/07/22. As persoas que só desexen asistir a cea, deberán aboar **5€**

### 4. PROGRAMA das REGATAS

Data	Hora do sinal de advertencia da 1ª regata do día	Clase	Recorrido
15/07/23	14h00m	TODAS	Subida – Baixada o Río

4.1. O programa constará de unha regata, ca posibilidade de dividir a mesma na metade para recoller tempos e asegurar a clasificación da proba.

### 5. INSTRUCCIONS DE REGATA

Estarán a disposición dos participantes na oficina da proba a partir das 09:30 do día 15 de xulio de 2022, despois da confirmación da respectiva inscrición. O TOA será virtual e poderase consultar na páxina [www.clubalagua.com](http://www.clubalagua.com)

### 6. PUNTUACIÓN

Terá que ser completada a metade do recorrido da regata para validar a proba.

### 7. BARCOS DE APOIO

As embarcacións de entrenadores, apoio e acompañantes deberan inscribirse na oficina da Proba e terán que utilizar obrigatoriamente unha identificación cas siglas "CR", dende que saian para a auga ata que regresen a terra. Esta identificación deberá ser colocada en lugar visible xunto co pavillón e bandeira do seu club.

### 8. PREMIOS

Os premios serán outorgados os tres primeiros clasificados na Xeral.

### 9. DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Os interesados participarán na Proba enteiramente pola súa conta e risco. Deberán consultar o RRV 2021-24 Decisión de Regatear. A Autoridade Organizadora, os seus colaboradores, xuíces e calquera outra entidade relacionada non aceptarán ningunha responsabilidade por danos materiais, lesións persoais ou morte, que ocorresen antes, durante o despois da Proba.

### 10. SEGURO

Cada barco participante deberá estar cuberto o por unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil a terceiros válida con unha cobertura adecuada a actividade.

### 11. INFORMACIÓNS ADICIONAIS

Será obrigatorio para todos os participantes o uso de chaleco salvavidas con un asubío amarrado ó mesmo, así como ter a bordo debidamente amarrados un remo, un achicadeiro e a orza, de acordo cas Regras de Clase

### 12. PROGRAMA SOCIAL





Unha vez concluída a regata procederase a entrega de premios. Seguido disto faráse a Organización terá disposto unha merenda-cea para os asistentes.



**CLUB ALAGUA**  
Asociación de Lecer Acuática Guardesa



### 13. LOCAL DE PARTIDA



As Instalacións do Club Alagua en Camposancos (A Guarda) están nas seguintes coordenadas de GPS:

41° 53' 09.89" N  
8° 51' 08.64" W

Están localizadas próximas o embarcadero do Ferri, que fai a travesía entre A Guarda e Caminha.